

## PRESENTACIÓN

A Micoloxía comprende o estudio dos fungos: frecuencia, distribución, factores que determinan a súa presenza, influencia favorable ou non sobre os soportes vexetais, valor alimentario e económico, relación con outras ciencias, etc. Dada a amplitude que abrangue, parece lóxico que espertase interés ou a lo menos curiosidade polo misterio que envolve ós seres que estudia. Pois non, a micoloxía é a ciencia natural máis nova; o seu comenzo ten pouco máis de douscentos anos.

Tamén é inexplicable o reparto da humanidade en pobos micófagos e pobos micófobos. Sen ir máis lonxe, historicamente sábese que na Europa Occidental somentes consumían cogumelos: Italia, Provenza e os Países Catalán e Vasco, que cadran exactamente cos territorios non afectados pola cultura celta (¿casualidade?). En Galicia como ben se sabe, a micofobia chegou a extremos irracionais, que non imos comentar aquí. Só dicir, que na tal aversión participaban tódalas clases sociais, ilustradas ou ignorantes, e incluimos tamén á Universidade, pola súa falla de interés. Os intentos de César SOBRADO, e dalgún outro na primeira metade deste século, non tiveron resonancia.

Hai que achegarse ó remate da Guerra Civil para aprecia-lo devalar da micofobia. A el contribuiu o retorno dos combatentes, ou máis ben o dos emigrantes a países onde os fungos entraban na alimentación. Este espartar propiciou que o Centro Forestal de Lourizán nos anos 60, organizara unha campaña de divulgación con Antonio ODRIOZOLA, Carlos VALENCIA, Francisco MAGÁN, Mariano GARCÍA ROLLÁN e outros, con grande éxito de participantes, e que aproveitou o dinamismo de Antón PATIÑO para erguer Sociedades Micolóxicas por cidades e vilas de todo o País. Dende entón, o número de galegos afeccionados ó consumo de cogumelos é progresivo; de micófobos estamos a nos volver micófagos.

Nos anos setenta, coa incorporación do biólogo Luis FREIRE á cátedra de Botánica do profesor José María LOSA QUINTANA, reactivóuse o rescoldo deixado, na Facultade de Farmacia, por Taurino LOSA ESPAÑA, e a cultura micolóxica brinca da cociña ó laboratorio.

FREIRE, personaxe excepcional, que pola amplitude e pluralidade dos seus saberes, antoxábasenos un enciclopedista do século XVIII transplantado ós nosos días, conseguiu atraer non só o

alumnado da Facultade de Farmacia e Bioloxía, senón tamén a intelectuais das máis diversas profesións ávidos de coñecementos. Por vez primeira xurden, en Galicia, tesinas e teses doctorais de micoloxía, danse conferencias, convídanse a especialistas de fora do país, organízanse cursiños, congresos Galaico-Lusos de micoloxía; e gracias a el, e a súa aventaxada discipula Marisa CASTRO (continuadora da súa misión dende a Universidade de Vigo), sale do prelo a primeira "Guía dos cogumelos de Galicia".

Con FREIRE, coa visión global que lle permitía a súa vasta cultura, a micoloxía galega adquiriu o carácter de ciencia. E os seus seguidores, que non nos resignabamos a ser simples coleccionistas de nomes de fungos, contaxiámonos do seu espírito investigador. Admirabamos a súa irreductible vontade, memoria inmesa, golpe de vista case infalible, intuición clasificadora, detida observación, aguda percepción de rasgos, detalles, diferencias, ... Lembramos a súa advertencia de que xénero, especie, variedade, etc. son conceptos abstractos da nosa creación, útiles pero inexistentes e, as máis das veces, provisionais polo imparabile adianto das técnicas, e porque a natureza cando lle peta deixa de ser fiel ás normas que lle tratamos de impor; non imos a atopar máis que individuos e nunca dous iguais.

Especie ou xénero vaino decidir a prevalencia ou concurrencia de determinados detalles moitas veces de apreciación subxetiva. Por todo isto, recalca, non debemos aceptar

argumentos de autoridade, hai que comprobar todo, desconfiar ata dos nosos datos; dubidar, sempre porque o camiño da dúbida aínda que lento da máis seguridade de chegar á verdade. Aconsellaba medir a capacidade de cada un para non confundir seguridade con teimosía e non caer na tentación de identificar o que se desexa. Haberá que contentarse moitas veces cunha aproximación e trasladar a seguridade ós máis experimentados, ós que dispoñen de técnicas, bibliografía e *exsicatas* dabondo para as necesarias comprobacións. Que a identificación ó primeiro golpe de vista, aparte de non ser recomendable, non ten atractivo: é como ver un partido de fútbol en diferido. Polo contrario, o que esperta interés é a ignorancia de algo que temos diante, que nos inqueda e desacouga, pero que se volta pracer cando despois de moitos tropezos chegamos a coñecelo. Cantos máis intentos, máis pracer; descubrir o segredo, que o cogumelo mesmo descoñece, é unha vanidade íntima reconfortante e non reprochable. É máis que iso, é unha plenitude, unha necesidade que crea adicción.

Hai 5 anos, como seguidores e discípulos de Luis FREIRE, imbuidos do seu espírito, ensinanzas e xeito de traballar, creamos o GRUPO MICOLÓXICO GALEGO, e, como era de lei, baixo a súa presidencia e man mestra, ata que nos deixou. Traballando xuntos, a emulación fai máis rápido o progreso, compartindo dúbidas, decidindo vacilacións e endereitando erros (parodiando ó Xénese "non está ben

que o micólogo esté só, démoslle a lo menos un compañeiro").

Froito desta actividade xurdiu a idea de rexuntar nunha revista os traballos que fixeramos para que non queden ignorados. Así nace MYKES (= fungo, excrecencia da terra), nome proposto por FREIRE, que evoca o coñecido mito que relaciona as setas con Perseo e a fundación de Micenas. MYKES pretende ter periodicidade anual, non

estará pechada á nosa produción, pois estimaremos e recabaremos a colaboración de micólogos doutras comunidades e países, para ó tempo que poidamos contribuir ó coñecemento dos fungos de Galicia beneficiarnos dos saberes de investigadores alleos.

Desexádenos que os resultados da nosa actividade camiñen parellos coa ilusión que nela poñemos.

LUIS CABO REY  
Vicepresidente do  
Grupo Micolóxico Galego